

Queridas familias:

Con esta comunicación, tanto o equipo directivo coma a directiva da Asociación de Nais e Pais do Colexio, queremos informaros da nosa fonda preocupación pola nova lei educativa, a LOMLOE, máis coñecida como **Lei Celaá**, que se está a debater actualmente no Parlamento, en plena pandemia da COVID-19, cando as preocupación das familias e de toda a sociedade son outras moi distintas.

No canto de aprazar os debates da Lei a outro período máis oportuno, o Goberno preferiu aproveitar para a súa nova Lei, **sen debate e sen consenso** e introducir cambios de gran calado no seu articulado que dotan as administración de facultades cada vez máis amplas, **desprazando a responsabilidade das familias como primeiras educadoras dos seus fillos.**

De feito, **a LOMLOE elimina a demanda social e permite distribuír ao alumnado por centros, reducindo a capacidade de elección das familias do colexio que queren para os seus fillos, sendo este un dereito avalado pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos.** Ademais, esta lei **desvaloriza o ensino da Relixión na escola e pon en dúbida a supervivencia dos centros de educación especial**, entre outros preocupantes aspectos.

A LOMLOE afecta a máis de 260.000 profesionais, aos 4 millóns de familias que elixen a concertada, a máis de 3 millóns de alumnos e alumnas que elixen voluntariamente cursar Relixión en centros públicos e privados; a máis de 9.300 centros da concertada e privada.

En definitiva, a LOMLOE afecta ao noso colexio, aos noso profesorado, ás nosas familias e ao noso alumnado, aféctavos a vós, directamente, aféctanos a todos e a todas.

Por iso vos pedimos que vos sumedes á campaña: **“Máis plurais, máis libres, máis iguais. Cara a unha escola realmente inclusiva, con todos e para todos”**, podedes acceder na páxina web www.masplurales.es ou na web www.dimaourense.com. Nela propóñense iniciativas, como unha **recollida de sinaturas** contra a Lei Celaá e a prol da convivencia dos diferentes modelos educativos e dos dereitos recoñecidos na nosa Constitución.

No noso colexio, en común acordo entre o Equipo Directivo, o Consello Escolar e a ANPA, e seguindo o modelo de masplurales, imos levar a cabo as seguintes iniciativas:

- Asinar o manifesto que se atopa na páxina www.masplurales.es
- **Difundir polas redes sociais a campaña a partires das redes do Colexio.**
- Colocar un lazo laranxa no perfil de whatsapp, na solapa da roupa ...
- Os mércores ás 12:00 lectura do manifesto e concentración no Colexio.

Porque a todos -familia, colexio, docentes e alumnado- nos une o mesmo obxectivo: un sistema educativo de calidade que contribúa a unha sociedade mellor, convidámosvos a colaborar nesta campaña.

Unha aperta,

Equipo Directivo e Xunta Directiva ANPA